

AS COUSAS DA NOSA ESCOLA



ROBERTO VIDAL BOLAÑO
1950 - 2002

17 DE MAIO DE 2013

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

SUMARIO

SUMARIO	3
EDITORIAL	4
AS NOSAS FESTAS	5-10
PREMIOS LITERARIOS	11
COLABORACIÓNS	
EDUCACIÓN INFANTIL 3/4 ANOS	12-13
EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS	14-15
1º DE PRIMARIA	16-17
2º DE PRIMARIA	18-19
3º DE PRIMARIA	20-21
4º DE PRIMARIA	22-23
5º DE PRIMARIA	24-25
6º DE PRIMARIA	26-27
VIAXE A MADRID	28
ACTIVIDADES CULTURALS	29-30
ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA	31-32
SIMULACRO DE EVACUACIÓN	33
AS NOSAS EXCURSIÓNS	34-35
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	36-37
ORLA DE GRUPO	38

EDITORIAL

A petición de moitos de vós, retomamos o formato en papel do noso xa oitavo número que leva o nome de "AS COUSAS DA NOSA ESCOLA", mentres os nosos cada vez máis reducidos recursos, nolo permitan. Como sempre, o noso desexo é o de compartir convosco unha pincelada das múltiples actividades levadas a cabo no centro ao longo do presente curso escolar. Tamén dispoñedes deste xornal, en formato dixital, na nosa páxina web.

No presente período académico tivo lugar unha renovación parcial dos membros do Consello Escolar, incorporándose a dito órgano máximo de goberno Carina Regueiro Fraga a quen lle agradecemos a súa colaboración así como a Silvia Dubra Bermúdez que xa leva tres anos no seo do mesmo.

Durante o próximo curso teredes que seguir aguantándome un pouco máis xa que continuarei un ano máis dirixindo o centro e colaborando convosco en todo aquilo que demandedes e que esté nas miñas mans.

Desexo que estas páxinas, cuxa finalidade é a de ofrecervos unha breve memoria retrospectiva de todo o mellor que desenvolvimos ao longo do curso, sexan do agrado de todos pois esa foi a nosa intención cando as elaboramos.

O día das LETRAS GALEGAS dedicouse a **Roberto Vidal Bolaño**.

Roberto Vidal Bolaño naceu en Santiago de Compostela en 1950 e faleceu na mesma cidade en 2002. Formou parte do denominado "Grupo Abrente" que, a partir da década dos 70, renovou e actualizou tanto a escrita como as representacións dramáticas galegas.

Todas as súas actividades xiraron sempre, e en exclusiva, arredor do teatro: desde a creación do "Grupo Antroido", en 1975, até a súa compañía "Teatro do Aquí", pasando pola breve experiencia da cooperativa "Teatro do Estaribel".

A pesar de que xa nas décadas dos setenta e oitenta lograra diversos premios ("Abrente", "O Facho" e "Ciudad de Valladolid"), como aconteceu con outros integrantes do "Grupo Abrente", o recoñecemento artístico de Vidal Bolaño non se produciu até os anos noventa, cando a obtención de premios institucionais, galegos e portugueses ("Rafael Dieste", "Alvaro Cunqueiro", "Xacobeo 92", "Eixo Atlántico", "María Casares"...), normalizou tanto a publicación das súas obras como o seu coñecemento por parte da prensa e, en consecuencia, do público.

LETRAS GALEGAS 2013



Desexamos que disfrutedes con cada unha das páxinas deste xornal feito con moito agarimo para vós.

O DIRECTOR
Rafa Rodríguez Martín

As Nossas Festas

O MAGOSTO

O día 11 de novembro celebramos o MAGOSTO. Este ano, aparte das castañas, disfrutamos dun riquísimo chocolate que sentounos estupendamente.



O NADAL

O día 20 de decembro visitounos Papá Noel e ao día seguinte celebramos o noso Festival de Nadal.



DÍA DA PAZ

O 30 de xaneiro conmemoramos o Día da Paz e a non violencia. Confeccionamos un alusivo mural e levamos a cabo numerosos xogos cooperativos.



O ENTROIDO

O 07 de marzo non podía faltar unha degustación de produtos típicos doados polas familias do alumnado. O día 08 celebramos o desfile de disfraces. Este curso decidimos organizar o Entroido partindo do centro de interese elixido para traballar desde a biblioteca: "BULUCHI POLO MUNDO", e por iso chegamos disfrazados con traxes de múltiples países.





DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O 16 de maio celebramos o Festival das Letras Galegas cuxo programa vos remitimos no seu momento. Á terminación do mesmo tivo lugar a entrega de premios aos gañadores do Concurso patrocinado polo Concello.





Premios Literarios

TRABALLOS PREMIADOS NO CERTAME ESCOLAR 2013 "CONCELLO DE CERCEDA"

1ª CATEGORÍA: Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria

- **1º PREMIO:** **INFANTIL 3 e 4 ANOS**
- **2º PREMIO:** **IGNACIO SPÓSITO RIVERO**
- **3º PREMIO:** **INFANTIL 5 ANOS**

2ª CATEGORÍA: 2º Ciclo de Primaria

- **1º PREMIO:** **SORAYA RODRÍGUEZ CAMPOS**
- **2º PREMIO:** **MIGUEL BOQUETE VILLAVERDE**
- **3º PREMIO:** **NUNO ANDRADE ALONSO**

3ª CATEGORÍA: 3º Ciclo de Primaria

- **1º PREMIO:** **IVÁN IGLESIAS IGLESIAS**
- **2º PREMIO:** **MARTÍN REGUEIRO GOLÁN**
- **3º PREMIO:** **MARCO BERTUA BELLO**

COLABORACIONES

EDUCACIÓN INFANTIL 3 E 4 AÑOS





BOLBORETAS



OS NÓSOS AMIGOS: ELMER E PACO O RATO



MÁSCARAS AFRICANAS




OS NÓSOS AMIGOS: ELMER E PACO O RATO

EDUCACIÓN INFANTIL 5 AÑOS

INFANTIL - 5 AÑOS

- Unha das actividades que realizamos durante todo
- o curso , foi : “ **XOGAR A IMAXINAR** ”.
- Este traballo foi feito individualmente e por equipos
- co material que elexiron libremente .






PRIMEIRO DE PRIMARIA

Como xa sabedes, o noso colexio tivo un grande éxito no Certame Escolar 2013 que, como tódolos anos, organiza o noso Concello. Na primeira categoría, o 2º premio veu a caer nun neno de 1º, Nacho, que ademais de ser un gran debuxante, quere amosarnos con este conto as súas cualidades como inventor de grandes historias. Ledeo porque non ten desperdicio!!!





OS CATRO SUPERHEROES.

Este conto fala de catro superhéroes chamados Nacho, Alejandro, Pablo e Mateo. Un día os superhéroes loitaron contra un villano que quería que a terra fose cubrada. El quería que fose como o seu planeta, que se chamaba Cuadrilandia. Pero este villano tamén quería cambiar os nosos xogos, a comida e a nosa lingua. Entón o superheroe Alejandro púso un petardo xigante na supermegasevia cotaterrosa do extraterrestre e destruíuna.



Pablo conseguiu quitarlle o saco dos xoguetes e escondelo nunha cova moi fonda. Despois Mateo escondeu a nosa comida para que o estraterrestre non a collese. E ao final, Nacho, como non podía esconder as letras, contoulle un conto e gustoulle tanto que decidiu non quitarnos a nosa lingua. Dende aquela o villano ven a nosa aula para escitar contos.




SEGUNDO DE PRIMARIA

COUSAS DE 2º

Fixemos as nosas

“Normas da clase”



Traballamos o continente asiático



Investigamos sobre Celso Emilio Ferreiro



Aprendimos cousas de Roberto Vidal Bolaño




TERCEIRO DE PRIMARIA

DE MAIOR QUERO SER...

De maior eu non teño claro o que quero ser, porque me gustaría ser varias cousas. Por un lado quero ser médica, así axudaría ás persoas que están enfermas e gañaría moitos cartos. Por outro lado, tamén me gustaría ser profesora, para ensinárlle cousas novas ós rapaces e tamén gañar moitos cartos.

Soraya



De maior quero ser fontaneiro, porque gustámelle arranzar cousas na auga. Se fora fontaneiro podería arranzar cousas e tería que ir a todas as casas a arranzar tuberías. Gañaría moitos cartos!

Raúl



Non sei que quero ser de maior. Por unha parte gustaríame moito ser futbolista para tirar penaltis, faltas, centros córners etc. Así sería famoso porque me coñecería todo o mundo. Por outra parte quero ser o mellor cocineiro do mundo para cocinar para xente famosa. Prepararía los platos para que todos me coñeceran.

Alejandro B



Eu de maior quero ser médica porque me gusta curar e axudar a os demais. Gustaríame ser dunha ONG para axudar a sañar xente de outros países. Gustaríame ser a mellor médica do mundo para ser moi famosa.

Fátima



Eu de maior, quero ser futbolista porque me gusta xogar ó fútbol. Podería coñecer novas persoas, gañar cartos, coñecer estadios... Seguro que o vou pasar moi ben. Teño moi claro, vou a ser futbolista!

Alejandro Iglesias

Eu de maior querería ser futbolista. A razón é que quero coñecer sitios novos e enfrontarme contra rivales. Se non me convocarían querería ser piloto de fórmula 1. Gustaríame gañar e así ser o mellor. Tamén me gustaría correr nas carreiras de motos porque quero ser como Dani Pedrosa.

Haniel



A mim de maior gostaria-me ser cantante e bailarina. Para isso teño que cantar ben, mellorar a voz, saber inglés para cantar algunhas cancións en inglés...

Para ser bailarina teño que ir a clase de baile.

Tamén me gustaría ser piloto de autocross, como o meu pai. Así poderí competir contra el, que dúas veces nun ano quedou de primeiro.



Leticia



De maior gustaríame ser fotógrafo, porque me encanta facer fotos das cousas, da xente, do ceo..., e sempre se me dan ben.

Se fose fotógrafo, podería ter moitísimos recordos de xente e lugares que non coñeza.

Pero tamén quero ser bailarina, porque me encanta bailar.

Se fose bailarina, podería gañar moitas cartos, ir de xira e coñecer a moitos bailarínos profesionais, e sobre todo, quero coñecer o mundo.

Alba

De maior, quero ser un ninja, porque me gusta defender á xente. Podería facer estas cousas: saltar de un lado a outro, loitar contra malvados, ser silencioso, aprender a arte ninja e coñecer novos amigos ninja.



Nuno

Eu de maior quero ser piloto de motos e de coches porque así gañaría fama e cartos.

Quero este oficio porque podería facer piruetas e podería coñecer a grandes da historia do motor, como Mick Schumacher e a Dani Torres.

Lerqia



Non teño claro que quero ser de maior. Teño moitas ideas: ser cozinheira, científica, periodista ou astrónoma. Se tivera que elixir, diría astrónoma, porque podería avisar de que un meteorito ía chocar a terra. Tamén podería descubrir planetas novos.

Inés



De maior quero ser astrónoma porque descubriría toda o que hai no mundo: planetas novos, estrelas novas... Tamén creo que gañaría moitos cartos.

Pero, por outro lado, gustaríame ser actriz. Sería famosa e coñecería a outros famosos como Selena Gómez, One Direction, China... Encantame as dúas cousas!

Selene

CUARTO DE PRIMARIA

O día de plantar as patacas

Aquí na nosa aldea hai a costume de ir todos os veciños a plantar as patacas. Entón decidimos poñernos de acordo no día para plantar as patacas de todos, como tamén nunha aldea e somos poucos, decidimos empezar pola leira do meu avó. Era cedo, entón miña avoa trouxo o almuerzo para os veciños e pa nós. O rematar fomos plantar as patacas a leira do meu avó. Agora toca ir pa leira do meu veciño Xoán, alí plantamos un lote de regos de patacas, eu acabei algo cansado aínda que quedaban máis veciños por axudar. Así pasou a mañá e xa son oras de ir comer o cocido que tiña preparado a miña avoa. Xuntámonos todos os veciños, comemos, ximos, falamos e bromeamos pero non nos descoidamos porque tiñamos que seguir plantando as patacas. Aínda quedaban as leiras de Pepe, Mando e Xurxo e quedábonos un anaco de tarde. A mín pasoume a tarde en seguida cando me din conta xa plantáramos a leira de Pepe e de Mando solo nos quedaba a de Xurxo. Entre risas e contos pasamos o día plantando as patacas e pa rematar o xornal fomos cear a casa do veciño Xurxo. Alí a súa muller María xa tiña a cea preparada, ceamos empanada, tortilla e fiambre e así rematamos o noso día de plantar as patacas. E eu fun durmir pa casa dos meus avós.

MIGUEL

Así quedou de vistosa a porta da nosa clase





E enchemos as ventás de receitas Típicas de Sudamérica




QUINTO DE PRIMARIA

Os alumnos de 5º tamén participamos na elaboración do LIBRO VIAXEIRO.



HANS O OURIZO




Unha preciosa historia na que participamos todos os alumnos. Uns escribindo e outros debuxando.



Hans reclamou a man da princesa en matrimonio, e a princesa chorando aceptou porque sería moi feo romper unha promesa. Así pois, celebráronse no castelo a voda máis triste da historia do reino,



Pero, Hans ocultaba un segredo, o cal pronto descubriña a princesa, pois a mala noite o castelo derriba as súas paredes e convertíase nun galego doncel. Unha noite, mentres Hans dormía, a princesa decidiu botar as pegas o lume, conseguindo así desfacer o feitiço, e aínda que Hans se levantou cheirado de carne, os mellores médicos e mestrís do reino uníronse durante meses con abundantes cremas ata que a súa pel se púo branca e así Hans e a princesa viviron felices no castelo para sempre.



SEXTO DE PRIMARIA

De acampada

O ano pasado fomos a Muros todos os menos e meninas da clase.

Alí estivemos nun camping. O día que chegamos montamos as tendas de campaña, colocamos a roupa, e acomodámonos.

Quedámonos adormecidos, cando de súpeto escoitamos un beseo:

Vaia susto levamos!

Era Javier, na súa tenda entara un rato de campo e púxose tan nervioso que empezou a chorar e despertounos a todos.

O noso entrenador, Alfonso, foi correndo a calmalo. Agora que estábamos despertados decidimos ir dar unha volta e coñecer o camping.

Alfonso deu nos unhas lanternas e empezamos o recorrido.

Levabamos uns 15 minutos de recorrido cando escoitamos un ruído que viña de detrás duns eucaliptos, acercámonos e vimos unha lebre, ou algo parecido.

Alfonso decidiu collelo e envolvelo nunha toalla e leválo para a nosa tenda; a das maiores.

Estabamos todos pendentes do animal, non se escoitaba nin un chiío. Cando Alfonso abriu a toalla quedámonos abraçados; o que tínhamos diante era unha marmota.

Miña nai, na vida vimos cousa tal.

E aínda por riba tiña un colar.

Como poidemos, fomos na procura dunha caixa preto do super do camping para que non fuxina. Fixemos quedas de garda toda a noite e coas primeiras raiolas do día fomos preguntar tenda por tenda.

Todo o mundo parecía non saber nada do tema;

estabamos tan cansados que fomos descansar a praia.

Ivan, que xa tiña algo de fame, foi para a tenda buscar algo de comer.

E niso reparou no logo do camping;

- Pero como?

- Iso é unha marmota?

Unha rapaza que andaba por alí xogando ao tenis con outro menno.

dixolle:

É a mascota do camping, Chámase Lupita.

Nom a veráas por aí? hai dous deas que se perdou, e o dono do camping andar moi preocupado.

- Si está con nós.

- Témosta na praia.

- Temos que ir buscar a Antón para decílle
Ivan avisou a Alfonso e aos seus amigos e dirixíronse onde Antón

Así con todo resolto comensaron as nosas vacacións de verán.



VIAXE A MADRID

Os días 28, 29, 30 e 31 tivo lugar a excursión a Madrid. Nesta ocasión acompañáronnos as mestras Lucía e Silvia.



ACTIVIDADES CULTURAIS

RECICLAXE DE LIBROS

De cando en vez, convén facer un espurgo e aproveitar dita actividade para aprender a reciclar.



CINE EN CARBALLO

No primeiro trimestre acudimos a unha estupenda sesión de cine con refrescos e flocos de millo incluídos.



O MAGO BENXAMÍN



HALLOWEEN

O 31 de outubro celebramos o Halloween, disfrazámonos, preparamos uns postres típicos e o pasamos estupendamente coñecendo festas doutras culturas.



VIOLENCIA DE XÉNERO

O 25 de novembro participamos nunha actividade promovida polo Concello sobre a erradicación da Violencia de Xénero e á que asistiu a Concelleira María Viqueira Iglesias.



EXPOSICIÓN SOBRE A ADOPCIÓN

Durante o mes de xaneiro disfrutamos dunha exposición lúdico-didáctica sobre a adopción, facilitada pola Fundación María José Jove.



ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA

Ola amigos:

Xa rematamos un ano máis o curso. Como ben sabedes, esta ano marchei de viaxe arredor do mundo. Continuarei viaxando durante o verán, para volver en setembro con moitas ganas de traballar e de disfrutar con todos vós da nosa maravillosa biblioteca.

Douvos as grazas por participar en tódalas actividades que se organizaron:

- Decoración das portas e da biblioteca.
- Participación no concurso: Buluchi polo mundo.
- Contacontos (profes e alumnos)
- Elaboración do libro colectivo.
- Exposición polos corredores sobre os continentes.
- Boa acollida das maletas viaxeiras.









Espero que vos teñan gustado e volvémonos ver pronto!



Buluchi





SIMULACRO DE EVACUACIÓN

O día 22 de maio tivo lugar o Simulacro de Evacuación Anual no que participaron tanto a Policía Local como membros do Parque Comarcal de Bombeiros de Ordes e Protección Civil de Cerceda.



AS NOSAS EXCURSIONS

Como a premura na publicación do xornal non nos permite incluír a reportaxe gráfica das excursións realizadas, non por iso imos deixar de plasmar nestas páxinas as máis significativas.

O día 10 de xuño o alumnado de primaria visitará o lago de Meirama, o Xardín Botánico, a Aula da Natureza, así como o Museo do Moucho e o Ecomuseo nunha xornada en que coñeceremos un pouco mellor o noso Concello.




O día 14 os alumnos de infantil acudirán coas súas titoras a apoiado por outro profesorado, a Buño para aprender algo máis sobre o mundo da alfarería.



O Aquapark merece sempre ser unha excursión obrigada pois estamos moi orgullosos de ser un referente en Galicia e tamén en España, polo que o día 14, coincidindo coa súa inauguración oficial 2013, acudiremos a pasar alí unha xornada lúdico-festiva.



E a excursión de fin de curso este ano reunirá a todo o profesorado e todo o alumnado na aula da natureza de Marcelle cuxa visita temos programada para o día 19 de xuño e a que nesta ocasión acompañaranos a mestra e o alumnado do Calvario.



ACTIVIDADES DEPORTIVAS

CAMPO A TRAVÉS XOGADE-XUNTA GALICIA.

Como xa é tradicional, no mes de decembro, o noso centro desprazouse ata terras de TOURO para participar no Campo A Través zonal que organiza a Xunta.

A pesar do frío do día, os rapaces e rapazas pasárono ben e ademais de acadar algunha medalla, o máis destacado foi o 3º POSTO POR EQUIPOS, dos benxamíns, formado por **Ángel-Manu-Iglesias-Botana-Nuno** e a medalla acadada por Soraya Mesias na categoría Alevín.



MINIOLIMPIADA NOS

RECREOS

Este ano levamos a cabo unha miniolimpiada por países. Cada país era un equipo formado por un ou dous rapaces de cada curso e un ou dous profes.

Pasámolo xenial!



AYA O VINDEANO ANO



**ROBERTO
VIDAL
BOLAÑO**



DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

LETRAS CALLECAS